



Ordenación territorial, infraestructuras e
Medio Ambiente, S.L.
Rúa Ecuador, nº 20-entrepilanta
36203-Vigo

Asunto: PROXECTO DE MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO ENTORNO DA CAPELA DE SAN XOÁN DE BARCELA. FASE I. DIVISIÓN EN LOTES.

ANTECEDENTES

O proxecto foi encargado polo concello de Arbo a OTIMA SL como Fase 1 dunha serie de intervencións de MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO ENTORNO DA CAPELA DE SAN XOÁN DE BARCELA.

O Proxecto global de mellora da mobilidade peonil no entorno da capela de San Xoán de Barcela, abrangue un ámbito de actuación total de 4.120 m² que comprende un área do núcleo de San Xoán de Barcela e os viais de acceso e saída, entre as que destacan as conexións coa estrada autonómica PO-400. Trátase dun ámbito de enorme valor patrimonial e de estrutura heteroxénea, cun crecemento ligado ao antigo vial que conectaba o núcleo Barcela co de os Eidos polo oeste e con Arbo polo leste. Esta estrada tradicional perderá afluencia de tráfico coa creación da nova estrada autonómica PO-400, que circunvala o ámbito polo sur, liberando a zona de actuación da carga de vehículos que facían inviable a creación dun espazo público continuo e de calidade.

O ámbito de actuación abrangue, dende o oeste, a conexión da estrada Pr. De Barcela coa Igrexa de San Xoán de Barcela. Indo cara o leste, se atopa o conxunto da Praza Barcela, composto polo campo da festa, escenario de múltiples celebracións veciñais, e a Capela da Virxe dos Milagres (ou dos Remedios) que data do S. XVIII. Neste conxunto histórico atópanse tamén elementos patrimoniais tales coma o Calvario (Cruceiro) de San Xoán, Farola de San Xoán e o Cruceiro de San Xoán. Nesta zona tamén se concentra gran parte do comercio e hostalaría, destacando a Casa de Turismo Rural enfronte á Capela, que fai esquina co estreito viario que comunica esta parte do ámbito coa PO-400, delimitado por peches e fachadas das edificacións existentes. O ámbito continuaría cara o leste pola estrada de Pr. de Barcela ata o cruce co viario que a volve conectar coa PO-400.

A actuación dividiuse en fases debido a múltiples motivos (recollidos no Anexo 17 do proxecto), onde se prioriza a parte central do núcleo de Barcela, onde se abican a meirande parte dos elementos patrimoniais, vivendas e centros de actividade social (hostelería, turismo, etc...), mentres que na segunda fase, se completarían os traballos nos viais de acceso e saída do núcleo, conformando un intervención unitaria e homoxénea.

O proxecto pretende por tanto desenvolver dita primeira fase.

En marzo de 2024 o Concello de Arbo solicita informe relativo á posibilidade de división en lotes das actividades incluídas no proxecto mediante a realización independente de cada unha das partes que o compoñen.



INFORME

O proxecto inclúe a execución dunha serie de **unidades de obra relacionadas entre si dende o punto de vista técnico**, de xeito que a realización de cada unha de elas depende da realización de outras. A actuación ten sentido na súa globalidade reordenando e mellorando un espazo concreto. Ademais, estas unidades de obra deben levarse a cabo en distintos puntos do ámbito de actuación de xeito que é un feito importante a **correcta programación da execución por parte do contratista para o desplazamento de equipos, coordinación e adopción de medidas para garantir a seguridade dos propios traballadores, dos usuarios e residentes**.

A división en lotes suporía unha **complicación derivada da execución das obras por unha pluralidade de contratistas** que implicaría **inconvenientes técnicos, de seguimento dos traballos, de control de execución e calidade así como de coordinación das distintas unidades de obra e adopción de medidas de seguridade e saúde adecuadas**.

Polos motivos antes expostos e de acordo co indicado no artigo 99-3-b da *“Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014”*, no que se indica que *“El hecho de que, la realización independiente de las diversas prestaciones comprendidas en el objeto del contrato dificultara la correcta ejecución del mismo desde el punto de vista técnico; o bien que el riesgo para la correcta ejecución del contrato proceda de la naturaleza del objeto del mismo, al implicar la necesidad de coordinar la ejecución de las diferentes prestaciones, cuestión que podría verse imposibilitada por su división en lotes y ejecución por una pluralidad de contratistas diferentes. Ambos extremos deberán ser, en su caso, justificados debidamente en el expediente”*, **non se considera adecuada a división en lotes das obras contidas no proxecto**.

Vigo, marzo de 2024

Por OTIMA,
Ignacio Teiejiro Calvo
E.C.C.P colexiado nº 20.513